

Estimadas familias, en nome do claustro de profesores e o equipo directivo expresarvos o noso agradecemento pola axuda prestada en todas aquelas actividades nas que se solicitou a vosa colaboración.

Comeza agora o período de vacacións, que é unha especial oportunidade para descansar, compartir e desfrutar en familia.

### **Remate actividades lectivas**

Segundo a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021 as actividades lectivas rematan o martes, día 22 de xuño.

### **Inicio de curso 2021/2022**

Segundo a Orde do 19 de maio de 2021 as actividades lectivas comezan:

- Alumnos/as de Ensinanza Básica Obrigatoria o xoves, día 9 de setembro.
- Alumnos/as de PFFPB o mércores, día 15 de setembro.

### **Axudas para adquirir libros de texto e material escolar**

O centro, a cada alumno/a, expediralle un vale co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine en cada caso. Este vale será entregado en setembro.

### **Transporte escolar**

As familias serán informadas, ao principio de curso, dos cambios que se produzan en función da incorporación do novo alumnado.

No nome de todos os profesionais que traballamos no colexio desexámoslles un feliz verán.

Reciban un afectuoso saúdo.